



GUÍA DO ALUMNADO PARA A REALIZACIÓN DO CURSO DE APTITUDE EMPRESARIAL AGRARIA NA MODALIDADE SEMIPRESENCIAL

1. INTRODUCCIÓN

2.- PROCESO DE MATRÍCULA E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

3.- REQUISITOS PARA OBTENIR A CUALIFICACIÓN DE APTO NUN MÓDULO E CURSO ESCOLAR:

- Requisitos para obter a cualificación de APTO nun módulo
- Curso escolar

4.- ACCESO Á PLATAFORMA

5.- FUNCIONAMENTO DA PLATAFORMA

- Bloque "dedicación ao curso"
- Autoavaliación

6. CONTACTO COS TITORES

7. EXPEDICIÓN DE CERTIFICACIÓNS OU DIPLOMAS



GUÍA DO ALUMNADO PARA A REALIZACIÓN DO CURSO DE APTITUDE EMPRESARIAL AGRARIA NA MODALIDADE SEMIPRESENCIAL

1. INTRODUCCIÓN:

O curso de Aptitude Empresarial Agraria é a formación necesaria para que aquelas persoas que non teñan a formación agraria suficiente a acaden e poidan acceder ás axudas á primeira instalación de agricultores mozos (18 a 40 anos) e para o establecemento de persoas agricultoras novas (41 a 55 anos), que se incorporan como titulares ou cotitulares a unha explotación agraria, segundo ás bases reguladoras das axudas para a modernización das explotacións agrarias e para a incorporación de mozos á actividade agraria.

A duración dos cursos de Incorporación á Empresa Agraria será de **250 horas**, axustándose o seu contido ao disposto no Anexo V da Orde do 17 de marzo de 2009 pola que se ditan normas relativas a inscrición no rexistro de entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural para a realización de actividades de formación continua e transferencia de tecnoloxía en materia agraria e sobre o procedemento de homologación dos cursos realizados por estas entidades e a expedición de certificacións e diplomas oficiais por parte da Administración pública. (DOG n.º 60, do 27 de marzo de 2009).

As **250 horas** lectivas están repartidas en **8 módulos**:

- Os **5 primeiros módulos** son comúns a todas as orientacións produtivas, e teñen unha duración de 30h cada un.

- Os **3 últimos módulos** son específicos da orientación produtiva elixida polo alumno no momento de realizar a matrícula. A súa duración pode ser de 30h, 35h ou 40h dependendo do módulo e orientación produtiva.

A continuación resúmense as orientacións produtivas e duración dos módulos:

	Explot. vacún leite	Gandería extensiva	Cultivos extensivos	Cultivos intensivos	Fruicultura	Vitivinicultura	Gandería sen terra	Apicultura	Aproveit. Forestais	Diversificación de rendas
M1	Empresa agraria	Empresa agraria	Empresa agraria	Empresa agraria	Empresa agraria	Empresa agraria	Empresa agraria	Empresa agraria	Empresa agraria	Empresa agraria
M2	Xestión técnico-económica	Xestión técnico-económica	Xestión técnico-económica	Xestión técnico-económica	Xestión técnico-económica	Xestión técnico-económica	Xestión técnico-económica	Xestión técnico-económica	Xestión técnico-económica	Xestión técnico-económica
M3	Asociacionismo comerc.-trazab.	Asociacionismo comerc.-trazab.	Asociacionismo comerc.-trazab.	Asociacionismo comerc.-trazab.	Asociacionismo comerc.-trazab.	Asociacionismo comerc.-trazab.	Asociacionismo comerc.-trazab.	Asociacionismo comerc.-trazab.	Asociacionismo comerc.-trazab.	Asociacionismo comerc.-trazab.
M4	Relac. laborais prev. Riscos lab	Relac. laborais prev. Riscos lab	Relac. laborais prev. Riscos lab	Relac. laborais prev. Riscos lab	Relac. laborais prev. Riscos lab	Relac. laborais prev. Riscos lab	Relac. laborais prev. Riscos lab	Relac. laborais prev. Riscos lab	Relac. laborais prev. Riscos lab	Relac. laborais prev. Riscos lab
M5	Sensibilización medioambiental	Sensibilización medioambiental	Sensibilización medioambiental	Sensibilización medioambiental	Sensibilización medioambiental	Sensibilización medioambiental	Sensibilización medioambiental	Sensibilización medioambiental	Sensibilización medioambiental	Sensibilización medioambiental
M6	Agrotecnoloxía	Agrotecnoloxía	Agrotecnoloxía	Agrotecnoloxía	Agrotecnoloxía	Agrotecnoloxía	Instalacións e manexo	Bioloxía, instala. e materiais	Planificación da actividade	Bases de desenv. rural
M7	Produción Fonaxes alimentación (*)	Produción Fonaxes alimentación (*)	Cultivos e técnicas	Cultivos de hortaflores (*)	Planificación e técnicas de cultivo (*)	Técnicas de cultivo	Alimentación	Manexo da albariza (**)	Traballos silvícolas (**)	Xestión dos recursos amb.
M8	Produción leite manexo gando	Manexo e produc. Gando extensivo	Laboreo (*)	Sanidade vexetal Instal.-mecaniz	Protec. fitosanitaria colleita	Elaboración de viños e derivados (*)	Sanidade, hixiene e benestar animal (*)	Sanidade e produción (**)	Obtención e trat. produc. (**)	Produccións complementarias (*)

Os 5 primeiros módulos son transversais para todas as orientacións produtivas. Teñen unha duración de 30 horas cada un, excepto o que se indican abaixo:

(*) 40 horas

(**) 35 horas

A duración dos módulos desagregando o tempo de teleformación do presencial sería a que segue a continuación:

ORIENTACIÓNS	MÓDULOS 1-2-3-4-5-6 (30h)	MÓDULO 7 (30, 35 e 40 h)	MÓDULO 8 (30, 35 e 40 h)
EXPLOTACIÓNS DE VACÚN DE LEITE	26 h A.virtual/ 4 h presenciais	36 h A.virtual/ 4 h presenciais	26 h A.virtual/ 4 h presenciais
GANDERÍA EXTENSIVA	26 h A.virtual/ 4 h presenciais	36 h A.virtual/ 4 h presenciais	26 h A.virtual/ 4 h presenciais
CULTIVOS EXTENSIVOS	26 h A.virtual/ 4 h presenciais	26 h A.virtual/ 4 h presenciais	36 h A.virtual/ 4 h presenciais
CULTIVOS INTENSIVOS	26 h A.virtual/ 4 h presenciais	36 h A.virtual/ 4 h presenciais	26 h A.virtual/ 4 h presenciais
FRUTICULTURA	26 h A.virtual/ 4 h presenciais	36 h A.virtual/ 4 h presenciais	26 h A.virtual/ 4 h presenciais
VITIVINICULTURA	26 h A.virtual/ 4 h presenciais	26 h A.virtual/ 4 h presenciais	36 h A.virtual/ 4 h presenciais
GANDERÍA SEN TERRA	26 h A.virtual/ 4 h presenciais	36 h A.virtual/ 4 h presenciais	26 h A.virtual/ 4 h presenciais
APICULTURA	26 h A.virtual/ 4 h presenciais	31 h A.virtual/ 4 h presenciais	31 h A.virtual/ 4 h presenciais
APROVEITAMENTOS FORESTAIS	26 h A.virtual/ 4 h presenciais	31 h A.virtual/ 4 h presenciais	31 h A.virtual/ 4 h presenciais
DIVERSIFICACIÓN DE RENDAS	26 h A.virtual/ 4 h presenciais	26 h A.virtual/ 4 h presenciais	36 h A.virtual/ 4 h presenciais

Cunha obriga de facer **como mínimo o 90% das horas obrigatorias en teleformación e o 100% das horas presenciais.**

Así pois, as **horas mínimas obrigatorias** que debe facer o alumno dependendo da duración do módulo quedarían como segue a continuación:

DURACIÓN DO MÓDULO	HORAS TELEFORMACIÓN	HORAS MÍNIMAS TELEFORMACIÓN	HORAS PRESENCIAIS
30 h	26 h	23h 24 min	4 h
35 h	31 h	27 h 54 min	4 h
40 h	36 h	32 h 24 min	4 h

2.- PROCESO DE MATRÍCULA E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

A solicitude de matrícula está dispoñible nas Oficinas Rurais, Centros de Formación e Experimentación Agraria da Xunta de Galicia, ou a través da páxina web da AGACAL (<https://agacal.xunta.gal/gl>), no apartado FORMACIÓN / CURSO DE APTITUDE EMPRESARIAL AGRARIA E OUTROS:



https://agacal.xunta.gal/sites/default/files/formacion/ciclos/20230314_formulario_de_solicitud_accions_formativas.pdf

O alumno deberá presentar a solicitude debidamente cuberta por **rexistro**, en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, ou a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/>), utilizando o formulario normalizado dispoñible na web da Consellería do Medio Rural.

Na propia solicitude **indicarse**:

- A **Orientación Productiva** elixida (vacún de leite, gandería extensiva, vitivinicultura...).
- Os **Módulos** nos cales desexa matricularse (ou curso completo).
- A **Data límite** para acreditar a capacitación profesional.

UNIDADE IMPARTIDORA: Centro de Formación e Experimentación Agraria de Monforte de Lemos LUGAR DE REALIZACIÓN DA XORNADA PRÁCTICA E EXAMEN: Monforte de Lemos ORIENTACIÓN PRODUCTIVA: _____ <small>(Orde do 17 de marzo de 2009, DOG N.º.60 de 27 de marzo de 2009)</small>	<input type="checkbox"/> CURSO COMPLETO (8 módulos = 250 h.) ou <input type="checkbox"/> MÓDULOS SUELTOS (30, 35 ou 40 h.) M1 <input type="checkbox"/> M2 <input type="checkbox"/> M3 <input type="checkbox"/> M4 <input type="checkbox"/> M5 <input type="checkbox"/> M6 <input type="checkbox"/> M7 <input type="checkbox"/> M8 <input type="checkbox"/>
--	---

Data límite para acreditar a capacitación profesional

____ // ____ //

Non se admitirán solicitudes nas que non conste o correo electrónico, que será a vía normal de comunicación durante o curso entre os titores e o alumno.

A dirección de correo electrónico deberá ser claramente lexible, e permitirá diferenciar sen erro as letras maiúsculas das minúsculas, así como os signos de puntuación ou números.

3.- REQUISITOS PARA OBTENIR A CUALIFICACIÓN DE APTO NUN MÓDULO E CURSO ESCOLAR:

Requisitos para obter a cualificación de APTO nun módulo:

Cada módulo durará ao redor de 3 semanas, desde a apertura na plataforma ata a realización da práctica e a 1ª convocatoria, onde o alumno terá que:

1) Conectarse **OBRIGATORIAMENTE** dentro do **primeiro ou segundo día** de apertura do módulo, para comprobar que pode acceder con normalidade, ou poidamos emendar calquera problema que xurda no acceso. De non realizar a conexión no prazo citado, ou non poñerse en contacto cos/as titores/as para emendar calquera incidencia ocorrida, entenderase que desiste na súa solicitude, procedendo a cursar a **BAIXA NO MÓDULO**.

2) Acadar o **tempo de conexión mínimo especificado para cada módulo**. Este tempo poderá verificalo a través da ferramenta de dedicación que atopará na plataforma, situada na parte superior dereita.


Dedicación ao curso

O teu tempo de dedicación estimado é:

1 hora 1 min

Para os módulos de 30h o tempo de conexión mínimo será de **23h 24 min**, mentres que para os de 35h será de **27h 54 min** e os para os de 40h será de **32h 24 min**.

Para visualizar o tempo de dedicación, no caso de acceder á aplicación a través dun dispositivo móbil baseado no sistema operativo **Android** (smartphone, tablet), premeríamos no símbolo < situado no centro da marxe dereita da pantalla (rodeado de cor vermella na seguinte imaxe):



3) Visualizar todos e cada un dos temas que forman parte do módulo, de maneira regular ao longo do tempo no cal o módulo estará aberto.

Considérase que se cumpre o **criterio de REGULARIDADE** cando levado transcrito a metade da duración do módulo (aproximadamente 3 semanas), rexístrase unha conexión da metade do tempo esixido. É dicir, transcorridas unha semana e media desde o comezo do módulo, débese ter rexistrado en torno a 12h de conexión nos módulos de 30h, 14h para o de 35h e 16h no de 40h.

Verificar que todos os temas teña o símbolo "v" dentro do cadradiño no índice de temas. *No seguinte exemplo temas 5 e 6 vistos, e tema 7 non visualizado todavía:*



TEMA 5 : SINALIZACIÓN E EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

TEMA 5 : SINALIZACIÓN E EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

TEMA 6 : PREVENCIÓN DE INCENDIOS

TEMA 6 : PREVENCIÓN DE INCENDIOS

TEMA 7 : PRIMEIROS AUXILIOS

TEMA 7 : PRIMEIROS AUXILIOS

1. Recomendacións xerais
2. Protocolo PAS. Como Actuar en caso de accidente
3. Primeiros auxilios

4) Realizar a práctica e superar o exame presencial que terá lugar no CFEA de Monforte de Lemos.



<https://goo.gl/maps/Kx9CMZfxX4UnmxCR6>

A práctica realizarase única e exclusivamente na 1ª convocatoria de cada módulo, sendo requisito imprescindible a súa realización para a obter a cualificación de APTO no Módulo.

No caso de non poder acudir á practica no día estipulado, o alumno deberá comunicalo aos titores coa maior anterioridade posible e achegar un xustificante do motivo da súa ausencia (forza maior).


O exame será tipo test, de 40 preguntas con 4 respostas alternativas, sendo valorado cada acerto con un punto.

A puntuación mínima para a cualificación de **APTO** será de 20 puntos. Por debaixo desta o alumno será considerado como **NON APTO**. Neste último caso, o alumno poderá optar a unha segunda e/ou terceira avaliación que se realizarán nas datas previstas no calendario anual.

As cualificación de APTO ou NON APTO comunicaranse a través do servizo de mensaxería da plataforma de teleformación e, por norma xeral, o día que finalice o último grupo da 1ª convocatoria; e nun prazo das 24h posteriores a 2ª e 3ª convocatoria.

En calquera caso, o alumno ten que **cumprir o requisito de ter feita a práctica en primeira convocatoria**, podendo acadar o resto de requisitos (tempo de conexión e visualización dos contidos) **o día antes da realización da convocatoria na que opte a presentarse**.

De non ter os requisitos cumprimentados **tan só podería realizar a práctica ese día en primeira convocatoria, tendo que acudir novamente o alumno a realizar o exame en 2ª ou 3ª convocatoria**, se cumpre os requisitos o día inmediatamente anterior a algunha de ditas convocatorias.



No caso de non realizar a práctica ou esgotar todas as convocatorias de exame, o alumno deberá solicitar de novo a matrícula da actividade formativa, no módulo correspondente.

Curso escolar:

Poderá consultar as datas de inicio, titorías, práctica e exame previstos de cada un dos módulos na páxina web da Consellería, que estarán dispoñibles na data que lle indique o titor.

https://agacal.xunta.gal/gl/formacion/formacion-continua*

***NOTA:** calendario previsto, suxeito a modificacións puntuais. A data oficial de práctica e exame de cada Módulo será a indicada no correo de apertura dos mesmos.

4.- ACCESO Á PLATAFORMA:

Poderase acceder con calquera navegador web compatible (Internet Explorer, Google Chrome, Mozilla Firefox...) a través do seguinte enlace:

<https://formacion-medioural.xunta.gal/>

Unha vez matriculado o alumno poderá acceder ao curso, para o que deberá introducir o seu nome de usuario e contrasinal na plataforma:

NOME DE USUARIO: o seu DNI coa letra en maiúsculas. (*Exemplo: 00000000F*)

CONTRASINAL: A primeira vez que acceda será: Abcd.1234 (*ter en conta as maiúsculas e signos de puntuación*)

O ACCESO Á PLATAFORMA SÓ ESTARÁ DISPOÑIBLE A PARTIR DA DATA INDICADA POLO TITOR



Unha vez prema no botón "Acceder" deberá cambiar a súa contrasinal. Recoméndase realizar o cambio antes de continuar.

[>](#) [Preferencias](#) > [Conta de usuario](#) > [Cambiar contrasinal](#)

Para continuar, deberá cambiar o seu contrasinal.

Cambiar contrasinal

Nome da persoa usuaria

O contrasinal debería ter cando menos 8 carácter(es), cando menos 1 dígito(s), cando menos 1 letra(s) minúscula(s), cando menos 1 letra(s) maiúscula(s), cando menos 1 carácter(es) non alfanuméricos
Os contrasinais pódense reutilizar logo de 5 cambios

Contrasinal actual *

Novo contrasinal *

Novo contrasinal (de novo) *

[Gardar os cambios](#)

Neste formulario hai campos obrigatorios marcados con *




O novo contrasinal deberá conter cando menos **8 caracteres**, entre os cales: cando menos **1 dígito**, **1 minúscula**, **1 maiúscula** e **1 carácter non alfanumérico** (un punto, unha coma, etc.). Tampouco admitiría 2 caracteres iguais seguidos.

Unha vez finalizado o proceso xa poderá acceder coa nova contrasinal, que será a que empregue para acceder a tódolos módulos nos cales estea matriculado.

No caso de esquecer o contrasinal poderá recuperala facendo clic en ***Esqueceu o seu nome de persoa usuaria ou o contrasinal?*** que se atopa na páxina principal.

Deberá introducir o seu nome de usuario ou correo electrónico e premer en buscar:

 > Acceder > Contrasinal esquecido

Para restabelecer o seu contrasinal, envíe o seu nome de usuario ou o seu enderezo de correo. Se podemos atopalo na base de datos, enviáremoslle un correo coas instrucións precisas para poder acceder de novo.

Buscar por nome de usuario

Nome da persoa usuaria

Buscar

Buscar por enderezo de correo

Enderezo de correo

Buscar

Enviaráselle ao correo electrónico facilitado as instrucións para a recuperación do contrasinal:


Si ha suministrado un nombre de usuario o dirección correctos, se le debería haber enviado un email.

Contiene instrucciones sencillas para confirmar y completar el cambio de contraseña. Si sigue teniendo dificultades, contacte por favor con el administrador del sitio.

Continuar

IMPORTANTE:

A utilización de calquera programa ou aplicación informática que de maneira automatizada simule a acción humana de realizar clics, suporá a **perda inmediata da condición de alumno/a**, debendo realizar unha nova solicitude de inscrición, respectando a orde de chamamentos para a realización do curso.






5.- FUNCIONAMENTO DA PLATAFORMA:

Inicio:

Unha vez dentro amosarase a xanela principal desde onde terá acceso, a través das diferentes pestanas situadas na parte superior, a:




Vista xeral das lapelas do curso

Favoritos Cursos

☆ **Módulo 1: Empresa Agraria. Monforte 2021_ED53**

ⓘ Axuda

- **Os meus cursos:** módulos que o alumno ten activos en cada momento (no exemplo só está dispoñible o *Módulo 1: Empresa Agraria*). O módulo estará visible a partir da data indicada na planificación e desde este momento o alumno poderá iniciar a visualización dos temas.



Vista xeral das lapelas do curso

Favoritos Cursos


☆ **Módulo 1: Empresa Agraria. Monforte 2021_ED53**

ⓘ Axuda


- **Panel de control:** Pódese personalizar a orde de visualización dos cursos activos.



- **Agochar bloques:** podemos ocultar os bloques de navegación da dereita da pantalla.



- **Pantalla completa:** permítenos cambiar entre “pantalla completa” ou “vista estándar”




- **Mensaxes:** na parte superior dereita, onde recibirá as notificacións pertinentes por parte dos titores (inicio do módulo, cualificacións e respostas as dúbidas que poidan xurdir sobre o temario).




The screenshot shows the top navigation bar with 'Inicio', 'Panel de control', 'Eventos', and 'Os meus cursos'. On the right, there are icons for 'Agochar bloques' and 'Pantalla completa'. Below the navigation bar, there is a 'Personalizar esta páxina' button. The main content area is titled 'Vista xeral das lapelas do curso' and includes a 'Cal' (Calendar) widget on the right. A course card for 'Módulo 1: Empresa Agraria. Monforte 2021_ED53' is visible, with an 'Axuda' (Help) icon.

- **Zona persoal:** onde se despregará un menú interactivo de configuración de preferencias.



This screenshot shows the same dashboard as above, but with the user profile menu open. The menu options are: 'Panel de control', 'Ver perfil', 'Editar o perfil', 'Cualificacións', 'Preferencias', 'Calendario', and 'Saír'. The calendar widget shows the current date as the 8th of the month.

Xa dentro do módulo que ten aberto aparecerá a seguinte información:



The screenshot shows the course content page. The navigation bar includes 'Curso actual'. The breadcrumb trail is 'Os meus cursos > M1:EA.2021_ED53'. There is a 'Foro de novas' section. The main content area is titled 'MÓDULO: EMPRESA AGRARIA' and features a large image of green leafy vegetables. On the right, there is a 'Course dedication' section indicating 'Your estimated dedication time is 41 mins 6 secs.' and a 'Navegación' (Navigation) sidebar with the following items: 'Panel de control', 'Inicio do sitio', 'Páxinas do sitio', 'Os meus cursos', 'M1:EA.2021_ED53' (expanded), 'Participantes', 'Competencias', 'Cualificacións', 'Xeral', 'Módulo: Empresa agraria', and 'Avaliación'.

Na parte central atópase a documentación correspondente ao módulo en curso, onde aparecen todos os temas que debe visualizar o alumno (o número de temas variará en función do módulo):

TEMA 1 : INTRODUCCIÓN

TEMA 1 : INTRODUCCIÓN

- 1.1. Definición de empresa agraria
- 1.2. Definición do contorno (da empresa agraria)
- 1.3. Definición de titular de explotación

TEMA 2 : CARACTERÍSTICAS DA EMPRESA AGRARIA

TEMA 3 : OBXECTIVOS DA EMPRESA AGRARIA

TEMA 4 : DEBILIDADES, AMEAZAS, FORTALEZAS E OPORTUNIDADES DA EMPRESA AGRARIA

- 4.1. Debilidades
- 4.2. Fortalezas
- 4.3. Ameazas
- 4.4. Oportunidades

TEMA 5 : FORMA XURÍDICA DA EMPRESA AGRARIA

TEMA 6 : CARACTERÍSTICAS XERAIS SEGUNDO A FORMA XURÍDICA ELIXIDA DE EMPRESA

TEMA 7 : O EMPRESARIO INDIVIDUAL

TEMA 8 : A COMUNIDADE DE BENS (CB)

Na marxe superior dereita atopamos información para a navegación a través da plataforma, información administrativa e o Bloque **"Dedicación ao Curso"**.

Dedicación ao curso

O teu tempo de dedicación estimado

é:

50 mins 27 segs.

Bloque "dedicación ao curso":

A plataforma de teleformación dispón dun bloque funcional para o cálculo dos tempos de dedicación dos alumnos en cada módulo formativo.

O cálculo fundaméntase en dous criterios:

1. Tempo de conexión: ou tempo de sesión é a fracción de tempo que pasa entre que o alumno se conecta (login) para acceder ao curso e o intre no que sae (logout) da plataforma.

2. Intervalo entre clics: O tempo máximo que pode discorrer entre dous clics consecutivos, que fai o alumno logueado dentro dun curso, para que compute o tempo de conexión como tempo de actividade. Esta medida serve para descartar tempo ocioso coa plataforma aberta, pero sen actividade por parte do alumno.

Clics válidos:

Non todos os clics que se fan dentro da plataforma se rexistran como eventos vinculados ao curso. Certas accións non son recollidas como eventos ou "clics validos" para o computo de tempo en cada curso.

Así, entre as accións máis comúns que **non se rexistran** como evento para o cómputo de tempo dentro dun curso están:

- Loguearse e desloguearse continuamente na a plataforma. Estas accións non computan agás se abra e peche a páxina principal de cada curso.
- Cambiar perfil de usuario, mandar mensaxes, etc. Estas accións non computarán xa que non poden ser asignadas a un curso.
- Pasar páxinas dentro un tema. Abrir un tema, e xa dentro del, pasar páxinas non se rexistra como acción na plataforma.

Si se rexistran como evento para o cómputo de tempo as seguintes accións:

- a) Cada vez que vostede abre o curso. Facer clic e entrar na páxina principal do curso ou módulo.
- b) Cada vez que vostede abre un tema. Unha vez dentro do curso, abrir un tema calquera para velo.
- c) Ao Regresar a páxina do curso.
- d) Cada un dos intentos nas avaliacións

Consello:



Recoméndase de vez en cando premer a tecla **F5** para que se actualice en tempo real o cronómetro de "Dedicación ao curso".

No caso de acceder á aplicación a través dun dispositivo móbil baseado no sistema operativo **Android** (smartphone, tablet), tería o mesmo efecto se prememos no centro da pantalla e arrastramos a mesma co dedo cara abaixo.





Autoavaliación:


Estará dispoñible o día indicado na planificación (ata esa data estará oculto) e constará de **30 preguntas** aleatorias tipo test. O alumno poderá realizar ata **tres intentos**. En cada intento poderán saír preguntas novas, todas elas extraídas dun banco de preguntas. A súa realización non é obrigatoria, pero si recomendable, de cara á preparación do exame presencial.

Estado "oculto":

AVALIACIÓN


Estado "visible":

AVALIACIÓN




Unha vez iniciada a autoavaliación deberá sinalar a resposta que estime correcta, e a continuación "Páxina seguinte", ata rematar as 30 preguntas das que consta cada intento.


Avaliación



Ao remate fará clic en:



E a continuación en "Entregar todo e finalizar":



A continuación amosaranse todas as preguntas contestadas, unicamente indicando se as respostas marcadas son **Correctas** ou **Incorrectas**:

Pregunta 1

Incorrecta

Puntuía 0,00 sobre 1,00

▼ Marcar pregunta

✎ Editar pregunta

Unha das funcións do contorno natural é a de asimilar residuos, esta asimilación realízase de varias maneiras como por exemplo (marcar a correcta):

Seleccione una:

- a. Por degradación dos residuos sólidos nos ríos. ❌
- b. Por dispersión de emisións gasosas nos solos.
- c. Por dispersión de residuos líquidos na atmosfera.
- d. Por dispersión de residuos líquidos nos ríos, mares e solos.

Your answer is incorrect.

A título informativo tamén se amosarán unhas estatísticas de cara a coñecer o estado de preparación do alumno para afrontar o exame presencial:

Arrancado o	Mércres, 4 de Agosto de 2021, 09:35
Estado	Finalizado
Completado o	Mércres, 4 de Agosto de 2021, 09:35
Tempo levado	49 segs.
Puntuacións	4,00/30,00
Cualificación	1,33 sobre 10,00 (13%)

6. CONTACTO COS TITORES:

O alumno poderá poñerse en contacto cos titores a través do servizo de mensaxería da propia plataforma. Darase contestación ás preguntas expostas nun prazo máximo de 24h, a través do mesmo medio.

Os titores están identificados na plataforma coa seguinte imaxe:



O horario das titorías comunicarase ao comezo de cada curso/módulo.

7. EXPEDICIÓN DE CERTIFICACIÓNS OU DIPLOMAS:

Ao remate da totalidade dos 8 módulos (250 h), e sen que sexa necesario que o alumno o solicite, expediráselle o correspondente diploma asinado dixitalmente, que se lle remitirá por correo electrónico.

En caso de que o alumno teña que xustificar a realización de algún módulo individual, poderá solicitar unha certificación ao seu titor quen se encargará de tramitar a súa petición e remitirlló igualmente a través do correo electrónico.

Axencia Galega da Calidade Alimentaria
Avda. do Camiño Francés nº 10 - Baixo
15781 Santiago de Compostela
agacal@xunta.gal